

SENDA NA AC-542 EN ORDES

1. Obxecto da actuación

O proxecto ten por obxecto a xustificación e definición das obras para a execución dunha senda peonil na estrada AC-542, entre os puntos quilométricos (pp.qq.) 19+600 e 21+380, nas proximidades do núcleo de Mesón do Vento no concello de Ordes, na provincia da Coruña; co fin de fomentar a mobilidade sostible e mellorar a seguridade viaria.

2. Plan de Estradas

A estrada AC-542 (Betanzos (AC-840) - Mesón do Vento (N-550)), pertencente á Rede Complementaria das estradas convencionais da Rede autonómica de estradas de Galicia.

3. Descrición da actuación

A actuación consiste na execución dunha senda peonil na estrada AC-542, que se pode dividir en dous tramos.

- *O primeiro tramo* comeza na marxe dereita do pq 19+600, na senda existente e continúa ata a beirarrúa tamen existente no pq 20+290. Esta senda existente serve como Camiño de Santiago Inglés nesta zona.

- *O segundo tramo* discurrirá pola marxe esquerda dende o pq 21+000 ata a glorieta existente no pq 21+380 que conecta a estrada AC-542 coa N-550.

Complétase o proxecto coa instalación de 4 tubos de Ø 63 mm e as súas arquetas correspondentes para a rede de telecomunicacións e co desprazamento e reposición da marquesiña existente na marxe esquerda da estrada AC-542 nas proximidades do cruce coa N-550.

4. Características técnicas

Seccións tipo

Senda marxe dereita (p.q. 0+000 ao 1+265)	Senda marxe esquerda (p.q. 1+260 ao 1+721,5)
Gabia 1,20 m	Gabia 1,20 m
Franxa vexetal 1,00 m	Senda peonil 2,50 m
Senda peonil 2,50 m	

Trazado:

A senda peonil proxectada apoia-se no actual trazado da estrada AC-542.

Firmes:

- **Senda peonil:** pavimento de formigón HF-4.0 N/mm² de 14 cm de espesor con acabado semipulido.

- **Accesos e entradas:** formigón HM-20 sen colorear, cun espesor de 20 cm e malla electrosoldada de 15x15x10 cm.

- **Reordenación de camiños:** subbase de saburra artificial (35 cm), rega de imprimación tipo C60BF4 IMP e capa de rodadura de mestura bituminosa en quente (MBQ) tipo AC16 surf BC 50/70 S (5 cm).

- **Zonas con pavimento podactil/sinalizador:** capa base de formigón en masa HM-20 (10 cm), capa intermedia de mortero de cemento M-5 (5 cm) e capa de rodadura de pavimento podactil direccional o

Drenaxe:

Os elementos básicos de recollida e transporte da auga de escorrenta serán gabias de seguridade revestidas de 1,20 m de ancho, colectores, sumidoiros de 50x30 cm con reixa de fundición dúctil e pozos de rexistro colocados nos puntos onde sexa necesario.

5. Poboación Servida (INE 2024)

Carral	6.775 hab.	Ordes	12.772 hab.
TOTAL	19.547 hab.		

6. Concellos Afectados

Carral e Ordes.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas 27 fincas. 2 fincas e un total 870,03 m² no concello de Carral, e 25 fincas e 8.596,94 m² no concello de Ordes.

Orzamentos bens	10.674,40 €
Orzamento terreos	48.220,70 €
5% de afección	2.944,76 €
Ocupación temporal	63,47 €
Orzamento total expropiacións	61.903,33 €


8. Prazo de execución

O prazo previsto de execución das obras é de **SEIS (6) meses**.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	1.091.522,41 €
Orzamento Servizos afectados	7.517,58 €
Orzamento para Control e Seguimento Ambiental	7.200,00 €
Orzamento Expropiacións	61.903,33 €
Orzamento para coñecemento da administración	1.168.143,32 €

PLANOS DE SITUACIÓN



SECCIONES TIPO

